

RESOLUCIÓN 02/12 DA DIRECCIÓN XERENCIA DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. POLA QUE, EN APLICACIÓN DA LEI 1/2012, DO 29 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS TEMPORAIS EN DETERMINADAS MATERIAS DO EMPREGO PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SE MODIFICA A DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO CONVENIO COLECTIVO DE RETEGAL

Coa entrada en vigor da **Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia**, introducíronse unha serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal en materia de contención do gasto no Capítulo I dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en diante Retegal), sociedade mercantil pública, ten reguladas as relacións laborais de traballo entre a sociedade e os seus empregados ou empregadas por medio do seu propio convenio colectivo.

A Lei 1/2012, no seu artigo 1.g), establece que esta Lei aplícase a todo o persoal ao servizo de “As sociedades mercantís públicas autonómicas ás que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.”

En canto á xornada laboral, Retegal ten establecido como norma xeral unha xornada de 39 horas semanais. Non obstante, a disposición adicional primeira do convenio colectivo de Retegal establece:

“Dado que o persoal transferido polo Decreto 366/1998, de 23 de decembro de 1998, mantén a súa xornada de orixe de 1.582 horas anuais (35 horas semanais), poderán optar por manter esta ou acollerse á xornada estipulada no artigo 24 (1.755 horas), percibindo un complemento do 40% do seu salario base mensual pagadoiro en 12 pagas ou parte proporcional ao tempo traballado dende que se asignou. Dito complemento é incompatible co de dispoñibilidade ou flexibilidade.

O persoal adscrito ao complemento de xornada irregular, como norma xeral, descansará dúas fins de semana ao mes, así mesmo non realizará máis de cinco días consecutivos con cargo á bolsa de xornada irregular, en período nocturno completo. Como norma xeral, e sempre que a razón da chamada o permita, avisarase con 24 horas de antelación.

Por norma xeral, as horas desta xornadas, distribuiranse de xeito proporcional entre os traballadores afectados, facendo cálculos trimestrais dentro da programación anual.

Este complemento será por dous anos obrigatoriamente, podéndose prorrogar por parte da dirección por dous máis se non houbera traballadores voluntarios para facelo.”

A Lei 1/2012, no seu artigo 5.1, baixo a rúbrica “Xornada laboral”, establece:

“1. A partir da entrada en vigor da presente lei, e para o conxunto de todo o persoal comprendido no seu artigo 1, a xornada ordinaria de traballo terá un promedio semanal non inferior a trinta e sete horas e trinta minutos.

Esta media semanal entenderase sen prexuízo das xornadas especiais existentes, que se adaptarán á xornada ordinaria coas correspondentes modificacións”.

Así as cousas, os cambios e introducións incorporados pola referida norma, obrigan a Retegal a modificar o disposto na disposición adicional primeira do convenio colectivo

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro.- Por imperativo da Lei 1/2012, e de conformidade con disposto no informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, de 30 de marzo de 2012, a disposición adicional primeira do convenio colectivo de Retegal, entenderase redactada do seguinte modo:

“O persoal transferido polo Decreto 366/1998, de 23 de decembro de 1998, poderá optar por manter a xornada de 37 horas e 30 minutos en promedio semanal, ou acollerse á xornada estipulada no artigo 24 (1.755 horas), percibindo un complemento do 40% do seu salario base mensual pagadoiro en 12 pagas ou parte proporcional ao tempo traballado dende que se asignou. Dito complemento é incompatible co de dispoñibilidade ou flexibilidade.

O persoal adscrito ao complemento de xornada irregular, como norma xeral, descansará dúas fins de semana ao mes, así mesmo non realizará máis de cinco días consecutivos con cargo á bolsa de xornada irregular, en período nocturno completo. Como norma xeral, e sempre que a razón da chamada o permita, avisarase con 24 horas de antelación.

Por norma xeral, as horas desta xornadas, distribuiranse de xeito proporcional entre os traballadores afectados, facendo cómputos trimestrais dentro da programación anual.

Este complemento será por dous anos obrigatoriamente, podéndose prorrogar por parte da dirección por dous máis se non houbera traballadores voluntarios para facelo.”

Segundo.- Esta Resolución entrará en vigor o día da súa sinatura

En Santiago de Compostela, a 2 de abril de 2012

O director xerente



Asdo.: José Ángel Abeal Riveiros